



LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Area Carracedo, Iván
 Cabeza Pereiro, M^a Carmen
 Sánchez Fernández, Pedro M. en substitución de
 Castro Oliva, Manuel
 Cidrás Pidre, José
 Gago Rodríguez, Alberto
 García Mateo, M^a Del Carmen
 García Pino, Antonio
 González Pillado, Esther M^a
 Hernández Sánchez, Jesús
 Membiela Iglesia, Pedro
 Montero Muñoz, María
 Reigosa Roger, Manuel Joaquín
 Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel

DECANOS/DIRECTORES:

Cruces Colado, Susana
 Garrido Valenzuela, Irene
 González Piñeiro, Luis
 Mejuto Fernández, Juan Carlos
 Muñoz López, Luis
 Ortíz Torres, Luis
 Pereira Domínguez, Alejandro
 Pérez Losada, Fermín E.
 Pousada Carballo, José M.
 Vidal Vázquez, Ricardo
 Vivas Martínez, Carlos

PDI-A:

Barcia Rodríguez, Ignacio
 Blanco Pesqueira, Antonia
 Domínguez Martín, Jorge
 Legido Soto, José Luis
 Liz Marzán, Luis Manuel
 Ramos Cabrer, Manuel
 Rodríguez Berrocal, Francisco Javier

PDI-B:

Diéguez Castrillón, M^a Isabel
 Martínez Ínsua, Ana Elina

ESTUDANTES:

Fariñas Valiña, Iago
 Lago Teijeiro, Xan
 Méndez Franco, Óscar
 Quintela Vilarriño, Francisco José

PAS:

Bernal Gómez, Rosa
 Mollinedo Lois, Carlos
 Torres Vázquez, Luis

CONSELLO SOCIAL:

DESCULPAN ASISTENCIA:

Gesteira Iglesias, Nuria
 Molares Pérez, Lucía
 Pena Rodríguez, Alberto
 Rodríguez Fuentes, Gustavo

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 14 de marzo de dous mil sete, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría

O mércores, día 14 de marzo de 2007, ás 10:10 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede da acta da sesión ordinaria do día 23 de xaneiro de 2007.
2. Informe do reitor.
3. Límite de prazas para o curso académico 2007-08.
4. Oferta de materias optativas e de libre elección do curso académico 2007-08.
5. Encargo de docencia do curso académico 2007-08.
6. Aprobación, se procede, das Normas básicas do POD do curso académico 2007-08.
7. Aprobación, se procede, de comisións de servizos.
8. Prazas para habilitación nacional.
9. Aprobación, se procede, do Regulamento sobre a realización dos requisitos formativos complementarios previos á homologación de títulos estranxeiros.
10. Aprobación, se procede, das instrucións de avaliación e entrega de actas nos POPs do curso 2006-07.
11. Aprobación, se procede, do Regulamento de Posgrao.
12. Aprobación, se procede, dos Regulamentos de réxime interno dos Departamentos de Enxeñaría Telemática e de Economía Financeira e Contabilidade, e da E.T.S. de Enxeñaría de Minas.
13. Aprobación, se procede, dos criterios de produción científica.

14. Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas para investigación.

15. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Xeral de colaboración coa Universidade Federal de Uberlandia (Brasil) – Específico de colaboración coa Universidade de Zaragoza, para a distribución da primeira anualidade dos fondos do proxecto nanobiomed – de colaboración coa Consellería de educación e ordenación universitaria e as universidades Galegas para a promoción da valoración de resultados de investigación e capacidades científicas no SUG – de colaboración entre as universidades galegas e a

S.A.X. CESGA para o desenvolvemento do software libre en Galicia –Marco de colaboración coa Universidade de Matanzas.

16. Constitución da Comisión de Biblioteca.
17. Elección para cubrir unha praza vacante polo sector de Estudantes na Comisión de Investigación (delegada do Consello de Goberno).
18. Rogos e preguntas.

Punto 1.- Lectura e aprobación, se procede da acta da sesión ordinaria do día 23 de xaneiro de 2007.

Apróbase por asentimento.

Punto 2.- Informe do reitor.

Dentro do seu informe o reitor comenta, en primeiro lugar, a celebración a principios desta mesma semana dunha xuntanza con todos os presidentes das comisións elixidas polo Claustro do pasado 14 de febreiro, coa finalidade de darlle continuidade aos traballos pendentes de adaptación dos Estatutos e de elaboración dos regulamentos previstos.

Sendo conscientes de que os ritmos de traballo terán que ser adaptados ao calendario de tramitación da reforma da LOU, fixouse unha primeira programación de xuntanzas cunha primeira convocatoria constitutiva no actual mes de marzo e unha segunda xuntanza de traballo para o mes de abril, á volta das vacacións de Semana Santa.

O interese, polo tanto, do equipo de goberno é programar os traballos das comisións con continuidade, entendendo que sería desexable finalizalos dentro deste mesmo curso. En canto se coñezan as normas de desenvolvemento da LOU e o calendario previsto para elas, será posible facerse unha idea de se hai ou non algún Regulamento no que convén frear un pouco. Pero, en todo caso, do que se trata é de que as comisións estean constituídas e en disposición de traballo.

En segundo lugar, informa da situación da reforma da LOU e da proposta de “directrices para elaborar os novos planos de estudo”.

Non hai sobre estes temas novidades salientables. A LOU atópase no Senado, en pleno proceso de transacción de emendas parciais, centradas en moitos casos na situación na que quedan os diferentes colectivos de PDI e no tema central da fórmula de acceso dos profesores á función pública (habilitación fronte a acreditación basicamente). Non hai variación respecto do calendario de aprobación da lei, previsto para a segunda quincena de abril.

En canto ás “directrices para a elaboración dos novos planos de estudo”, o borrador que foi enviado ás universidades, e que está colgado na web, está sendo sometido a discusión nas diferentes comisións sectoriais da CRUE e do Consejo de Coordinación Universitaria, cun debate especialmente complicado respecto de dous asuntos: a definición con antelación das competencias profesionais nos títulos que as teñan; e o mecanismo de 60 créditos comúns e intercambiables por grandes ámbitos (5 previstos inicialmente). Este último asunto está sendo moi cuestionado sobre todo no ámbito Xurídico-Social, onde a diversidade de titulacións fai moi difícil definir ese pool de créditos intercambiable entre titulacións.

Hai anunciadas novas xuntanzas da CRUE e do Consejo sobre estes temas para finais deste mes. Verase entón se hai posibilidades de progresar algo máis nos temas comentados.

En terceiro lugar, pon en coñecemento dos membros do Consello de Goberno, que o pasado luns, acadouse un preacordo sobre o “II Convenio Colectivo para o Persoal Laboral de Administración e Servizos da Universidade de Vigo”. Coinciden as partes negociadoras en salientar o traballo realizado polo mediador, Sr. Casas de Ron. O seu papel foi fundamental para propiciar este preacordo. Haberá a oportunidade de agradecerllo publicamente, pero o reitor faino agora, de xeito expreso, neste órgano de goberno. Se todo marcha como é previsible, pode que o novo convenio estea publicado no DOG o vindeiro mes de abril. A partir dese momento, iniciárase canto antes a tarefa da súa aplicación efectiva. Coas cautelas que derivan deste calendario, procede a felicitación a todos por esta boa noticia.

Por último, informa tamén de que na nómina deste mes de marzo vaise a proceder ao ingreso dos atrasos de 2006 correspondentes ao “Complemento de Recoñecemento á Excelencia Curricular Docente e Investigadora”. Respecto dos abonos deste mesmo complemento correspondentes aos meses de xaneiro e febreiro de 2007, hai xa unha resolución da Xunta asinada con data 9 de marzo que se se chega a tempo, permitirá o ingreso no mes de marzo ou como moi tarde, no mes de abril. A partir deste momento, o ingreso en nóminas deste complemento debe estar totalmente normalizado, agás que haxa algunha circunstancia, relacionada coas reclamacións presentadas polos interesados, que dalgún xeito afecte ou paralice provisionalmente este mecanismo salarial.

Punto 3.- Límite de prazas para o curso académico 2007-08.

Cédese a palabra ao vicerreitor Organización Académica e Profesorado quen sinala que na reunión da COAP do pasado 6 de marzo analizáronse as propostas dos centros relativas ao número de prazas ofertadas para o próximo curso.

Tamén se tivo en conta o acordo do Consello de Coordinación Universitaria do MEC de 20 de febreiro referente a criterios para establecemento de número de prazas. Un destes criterios limita o descenso da oferta de prazas a un 5% ou a matrícula dos cursos 05/06 e 06/07. A COAP adaptou as propostas de descenso de número de prazas dos centros a este criterio.

Nas Enxeñarías Técnicas de Telecomunicación e Diplomatura en Turismo, a COAP aceptou o incremento de número de prazas de 50 a 75 para compensar o descenso de alumnos noutras titulacións dos mesmos centros.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o Prof. Legido quen suxire ao vicerreitor a achega da documentación en papel, coa presentación dun resumo dos cambios para o vindeiro curso académico, sobre todo no que respecta ao POD, debido á dificultade para examinar o mesmo.

O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado resposta que tomará nota da petición.

O Prof. Mejuto pregunta sobre se o incremento de prazas en enxeñaría e turismo se debe a un cambio na política das Universidades galegas porque existía un pacto entre as mesmas sobre o mantemento de número prazas.

O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado resposta que neste caso, se tivo en conta o descenso de alumnos noutras titulacións do centro. O reitor engade que ten asistido a conversas sobre medicina, nas que a Consellería pide aumento de prazas, pero non hai acordo ao respecto. O Prof. Ramos aclara que na COAP existe un acordo coa vicerreitora anterior que supón que non pode haber cambios ata que non saia a primeira promoción.

Apróbase por asentimento o límite de prazas de acordo con que figura no **anexo 1**.

Punto 4.- Oferta de materias optativas e de libre elección do curso académico 2007-08.

Punto 5.- Encargo de docencia do curso académico 2007-08.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado que tratará conxuntamente os puntos catro e cinco. Comeza a súa intervención coa oferta de materias específicas de libre elección. O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado explica en primeiro lugar os criterios xerais tidos en conta pola COAP para a selección de materias específicas de libre elección, na súa reunión do 6 de marzo de 2007.

- ✓ Normalízase a oferta de prazas a módulos de 100, autorizando 50 nalgúns casos:
 - Por ser materias de libre elección de titulación con números de entrada moi baixos.
 - Por ter historicamente recoñecidos algúns créditos prácticos e ser a matrícula da orden de 50.
 - Por ser materias con poucos alumnos, pero que se sosteñen pola situación de folgura das áreas.
- ✓ Acéptanse as materias que xa foron impartidas con número suficiente de alumnos (50%) e que eran de novo propostas polos centros. Aprobáronse sen excepción.
- ✓ Acéptanse materias de 100 alumnos na oferta nas que o número de matriculados era moi próximo ao 50%. A que menos eran 47.
- ✓ Independentemente do número de alumnos, acéptanse módulos Jean Monnet dentro dos 5 anos cofinanciados pola Unión Europea e pola Universidade de Vigo.
- ✓ Acéptanse tamén as seguintes materias de libre elección de titulación que non cumprían o requisito nos seguintes casos:
 - Materias únicas. Nestes casos (Enxeñaría de Minas e Historia) redúcese a oferta a 50 prazas.
 - Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte (Pontevedra) cuxa oferta de libre elección de titulación agrúpase no tema da psicoloxía para dar acceso aos alumnos aos complementos de formación requiridos para pasar a

Psicopedagogía (Ourense). Revisarase esta situación de cara ao seguinte curso.

- Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo. Tres materias que viñan de Relacións Laborais. Revisarase esta situación de cara ao seguinte curso.
- ✓ Novas propostas de materias de libre elección.
 - Acéptanse algunhas de titulación que substitúen a outras que non cumprían o requisito, sempre que a oferta global do centro neste apartado non superase as materias que lle corresponden.
 - Non se aceptan as materias propostas de libre elección de campus. Estas propostas poderán repetirse posteriormente como materias de libre elección de calidade naquelas áreas que teñan folgura.
 - Na Escola de Enxeñaría Informática de Ourense reconvértense dúas materias de libre elección de campus, informática I e II por outras dúas novas propostas.
- ✓ Algunhas outras incidencias singulares:
 - Na Facultade de Ciencias de Ourense, a materia, “debuxo asistido por ordenador” cambia de área de coñecemento, xunto con outra materia obrigatoria. Pasa da área 305 (Expresión Gráfica na Enxeñaría) á 505 (Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría). Proposta do centro sen votos en contra. A COAP valorou a situación das áreas e accedeu ao cambio.
 - Na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación aceptáronse 1.5 créditos prácticos a unha materia, xornalismo electrónico.
 - A materia Introducción á Documentación en Ciencias, proposta en Bioloxía e Ciencias do Mar. A xuízo da COAP podería estar moi ben situada en Químicas. Elimínase da proposta para que se reformule dentro da oferta de libre elección de calidade.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o Prof. Pereira para sinalar que na páxina web non aparecen as asignaturas de libre elección de titulación de Enxeñaría Industrial. O vicerreitor enumera as de titulacións e as de campus. O Prof. Pereira expón que ofertou unha de campus que non aparece, ao que responde o vicerreitor que se rexeitaron todas.

O Prof. González Piñeiro sinala que o inglés técnico desaparece como asignatura obrigatoria na titulación de Enxeñaría Industrial e pregunta se sería posible mantela como libre elección de titulación.

O vicerreitor resposta que o criterio da COAP é manter a asignatura de inglés técnico en Enxeñaría de Telecomunicación como asignatura de libre elección de campus.

O Prof. Area recorda que o 11 de setembro de 2001 houbo unha reunión coa anterior vicerreitora de Organización Académica e Profesorado e acordouse que a asignatura de inglés técnico de Enxeñaría de Telecomunicación sería de libre elección de campus.

O Prof. Berrocal fala da dificultade de seguir toda a información a través da web e vota en falta a asignatura introducción á historia da inmunoloxía que tiña alumnos suficientes para subsistir.

O Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado resposta que as asignaturas de libre elección de calidade non están contidas no listado presentado e cando se remita o POD aos departamentos, remitirase un escrito para que se soliciten estas materias no caso de folgura nas áreas.

O Prof. Membiela sinala que non atopou a asignatura de libre elección de titulación calidade de vida, saúde e medio ambiente. Ao que resposta o vicerreitor que está incluída no listado.

O reitor intervén para por de manifesto que das intervencións dos membros do Claustro dedúcese que existen dificultades para atopar as distintas materias e manifesta que o mais adecuado sería achegar un listado provisional de asignaturas de libre elección de calidade ou folgura, con independencia da xestión posterior dos departamentos.

Respecto da oferta de prazas de libre elección en materias propias das titulacións, o vicerreitor explica a proposta da COAP:

Mantense o criterio de que aquelas materias que den esta posibilidade, oferten un mínimo de 10 prazas e un máximo do 20% da matrícula. Autorízase a ampliación ata 20 alumnos, sempre que se cumpra:

- Que sexan materias só con créditos de aula.
- Que en total non se superen 100 alumnos.

Con este criterio fíxase toda a oferta de prazas de libre elección en materias propias.

No que respecta ao encargo de docencia e materias optativas. Repítese o encargo do curso pasado coas seguintes modificacións ou incidencias:

- ✓ Na facultade de Ciencias de Ourense a materia expresión gráfica e cartografía, pasa da área 505 á 305 ao igual que a materia de libre elección antes referida.
- ✓ Materias optativas xerais de Historia. Existen 14 materias optativas que se dividen en dous bloques de 7 e en lugar de impartirse todas cada ano, impártense un deses bloques cada ano alternativamente.
- ✓ Na titulación de Licenciado en Comunicación Audiovisual substitúese unha materia optativa por outra da mesma área de coñecemento (videocreación e novas propostas audiovisuais substitúe a multimedia e redes na ensinanza aberta e a distancia).

- ✓ Na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais dúas materias substitúen a outras dúas, economía matemática substitúe a análise convexa e optimización e modelos de decisión e teoría de xogos substitúe a contabilidade e diversidade sectorial.
- ✓ Nas facultades de Dereito de Ourense e de Ciencias Xurídicas e do Traballo de Vigo complétase este ano un plano iniciado hai dous anos para redución de grupos A a grupos L.
- ✓ Na Facultade de Fisioterapia acéptase unha modificación puntual no mesmo sentido para as materias de afeccións médicas. Para isto a COAP valorou a situación da área afectada e a demanda existente para esta titulación.
- ✓ Desestimáronse peticións dalgúns centros de transformacións de grupos A a grupos L ou P en materias de idiomas inglés, francés ou alemán. Nuns casos desestimáronse por ser o número de alumnos moi reducido. En Filoloxía e Tradución desestimáronse por exceder amplamente o coeficiente de experimentalidade do centro e por ser unha medida formulada non para todas as opcións lingüísticas, cando aquelas para as que se solicita corresponden a áreas que non teñen folgura.

Ábrese unha quenda de intervencións.

O Prof. Pereira pregunta se o cambio de adscrición da asignatura expresión gráfica e cartografía vai a ser a custo cero, porque isto afecta ao seu departamento e un profesor asociado pode verse prexudicado.

O vicerreitor resposta que a situación das dúas áreas, a que deixa de dar a docencia e a que a recibe era moi similar e a COAP tivo en conta as argumentacións do centro que solicita o cambio.

O Prof. Pereira volve preguntar se o contrato do profesor asociado se vai rescindir.

O vicerreitor resposta que neste momento non pode dar esa resposta, posto que non pode prexulgar o que pode pasar.

O Prof. Legido recorda o acordo existente de Xunta de Goberno no que se estableceu que en casos de cambio de adscrición, a área que recibe a asignatura non pode contratar, salvo que fose algo absolutamente necesario e teña unha forte argumentación detrás.

Debátase sobre a utilización por parte das áreas de asignaturas para facer estratexias, rotando a asignatura entre distintas áreas e a necesidade de establecer mecanismos de corrección ante estas situacións, coa intervención do Prof. Legido, o reitor e o vicerreitor de Organización Académica e Profesorado.

Seguidamente o vicerreitor de Organización Académica e Profesorado sinala que non existe dúbida sobre a petición do centro e o perfil da praza que se indica polo mesmo, pero si existe o acordo previo o que se fixo referencia aquí, non ten inconveniente en retroceder.

O prof. Pereira reitera a súa obriga como director de Departamento de defender o contrato do profesor da área afectada. O vicerreitor expón que non quere adiantar conclusións pero que cree que non haberá problemas debido á xubilación dun profesor nesa área.

O Prof. Mejuto intervén como decano do centro afectado sinalando que a decisión do cambio de adscrición da asignatura foi tomada por 27 votos a favor e 3 abstencións e pide que se respecte a decisión do centro.

O reitor conclúe manifestando que neste caso as dúas áreas quedan ben, e no futuro a COAP debe ser moi coidadosa á hora de controlar todas estas circunstancias.

Seguidamente, procédese a votación dos puntos catro e cinco da orde do día:

Votos a favor: 27

Votos en contra: 0

Abstencións: 6

Apróbanse por maioría os puntos catro e cinco nos termos expostos nos **anexos 2 e 3**.

Punto 6.- Aprobación, se procede, das Normas básicas do POD do curso 2007-08.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que o documento que se trae a este Consello de Goberno recolle 5 puntos. Os tres primeiros son unha renovación ou edición actualizada dun acordo de Consello de Goberno do 9 de maio de 2005, sobre prazas de profesorado contratado. O punto 4 sobre cobertura de docencia vacante por circunstancias extraordinarias é novo e explicárase despois. O punto 5 sobre participación de bolseiros e contratados en programas de investigación nos que a docencia se recollía anteriormente, na instrución específica que se enviaba aos departamentos á hora de facer o POD. Recóllese aquí isto porque hai algún cambio de maior calado que se pretende facer e prefírese sometelo a este Consello de Goberno.

No momento de solicitar aos departamentos o POD acompañarase a proposta que se puidera aprobar aquí cunha instrución específica que dá maior detalle e establece prazos.

Pasa a comentar cada un dos puntos.

No punto 1 non se suscita ningún cambio respecto do que se viña facendo en anos anteriores. Unha revisión destes conceptos farase en anos sucesivos, espérase que o próximo, contando coa experiencia de aplicación do primeiro POD por este equipo de goberno e con quizá algunha incerteza menos sobre os novos plans de estudo.

O punto 2 non supón tampouco unha modificación substancial, se ben clarifica a posición respecto da figura do axudante. A posibilidade de contratar profesorado polas áreas que teñan déficit se desenvolve en eses tres apartados, en orde de exixencia de menor a maior. Transformación de prazas, contratación de prazas non supeditadas á carga docente básica e por último, prazas supeditadas a este concepto.

A figura do axudante é desde a entrada en vigor do regulamento de profesorado unha praza non consolidable, pero desde a entrada en vigor do convenio colectivo do PDI laboral un contrato de 4 anos. Isto, unido ás características desta praza como investigador en formación, lévanos a ligar, por precaución, a saída a concurso destas figuras ás necesidades de carga básica que garantan unha certa expectativa de crecemento das áreas por POD.

Respecto do punto 3 os requisitos que se presentan son os mesmos de anos anteriores, salvo o matiz dos visitantes, que se limita ao que está expresado no documento. Necesidade de que exista unha relación contractual previa noutra Universidade ou Centro de Investigación.

Indícanse tamén as incompatibilidades retributivas desta figura establecidas no convenio colectivo. Non esquezamos que esta figura está exenta de acceder ao posto mediante concurso e son necesarias certas garantías. Estes requisitos serán incluídos nas normas de concursos que se proporán antes do primeiro concurso de profesorado.

A finalidade do punto 4 é dar paso á posibilidade de usar a figura do contratado interino de substitución para cubrir docencia vacante sobrevida por circunstancias extraordinarias. Preténdese encargar á COAP o establecer unha norma, en cumprimento do artigo 16.4 do regulamento de profesorado que establece que a normativa de concursos inclúan un procedemento para cubrir estas vacantes por trámite de urxencia. Se teñen algunhas ideas ao respecto que empezaron a debaterse xa cos directores de departamento e farase unha proposta detallada antes de que comece o novo curso.

Respecto do punto 5. Proponse limitar a entrada no POD dos bolseiros e contratados en programas de investigación, ás figuras que teñen recoñecida polo menos a capacidade de colaborar en tarefas docentes e que son convocatorias oficiais. Fíxanse os máximos de acordo co que se establece nas convocatorias. Queda manifesto que existen dúas categorías predoutorais e posdoutorais. Para o primeiro caso esíxese que haxa un profesor responsable da materia co que iso leve consigo. A efectos prácticos isto impedirá que un bolseiro ou contratado predoutoral apareza como único responsable no POD dunha materia. Ademais descártase a participación pola vía do POD dos contratados de proxectos de investigación na docencia.

Ábrese unha quenda de intervencións:

Intervén primeiramente o Prof. Legido quen pon de manifesto o seu desacordo coa filosofía do POD, en canto este debería conter un plan de organización docente e investigador, onde figurarían todas as actividades desenvolvidas polo profesor con independencia da contratación de profesorado. Por outra parte, no que respecta a que persoas poden impartir docencia, debe valorarse a achega das persoas que non son doutores. É necesario facer unha distribución equitativa da docencia nos departamentos posto que impedir que todo ese persoal figure no POD é moi drástico e supón un grave prexuízo para eles cando teñan que concursar.

O Prof. Liz intervén para sinalar que para os alumnos de terceiro ciclo pode ser máis interesante ter un contrato por proxecto de investigación que concorrer a outras convocatorias públicas e con esta medida se lles impide facer curriculum en docencia. Por outra parte, no relativo aos Ramón y Cajal e Parga Pondal, ante a posibilidade de que exista unha normativa que estableza que a redución de docencia tamén lles afecte a eles, entende o Prof. Liz que si eles queren chegar ao máximo de docencia, debería ser flexible.

O Prof. Domínguez manifesta o seu acordo coas manifestacións do Prof. Liz e a maiores, sinala que sería conveniente que se trate igual que aos bolseiros da Xunta e o MEC, a outros bolseiros de distinto carácter.

O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado resposta a cada unha das intervencións. Ao Prof. Legido respóndelle que toda a actividade de cada profesor quedará plasmada na súa folla de servizos e remítese ademais a todo o argumentado no Consello de Goberno onde se falou das desgravacións. No que respecta aos contratados de investigación, sinala que estos se contratan con fondos destinados exclusivamente a investigación e nunca aparece a tarefa docente entre as súas actividades. A isto se engade ademais que o investigador principal elixe a persoa, que considera mais axeitada para o proxecto sen que este teña que pasar ningún proceso selectivo. Por último, o Convenio Colectivo de Persoal Docente e Investigador regula as figuras que poden impartir docencia e obriga a todos a superar un proceso selectivo. Polo tanto, se os contratados con cargo a proxectos entraran en POD, estaríase rozando a legalidade. A alternativa podería ser, nomear a estas persoas como invitados o contratalas como asociados.

No relativo aos bolseiros asimilados aos do MEC e a Xunta, estas son as bolsas oficiais e pode ser que exista algunha convocatoria que ofrezca as mesmas garantías que estas pero o vicerreitor non ten atopado ningunha.

Por último, o vicerreitor manifesta que non existe ningunha normativa que estableza limitacións de docencia para os Ramón y Cajal e Parga Pondal, pero sobre este tema falouse moito cos directores de departamento. O mais adecuado sería que a folgora sexa igual para todo o profesorado da área. De todos os xeitos trátase dun tema sobre o que aínda debe discutirse cos directores de departamento e que se incluírá nas instrucións de POD.

Intervén o Prof. Berrocal para sinalar que as instrucións do POD deberían aprobarse en Consello de Goberno cando fagan referencia a distribución de docencia.

O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado resposta que se trata unicamente dun debate e se inclúe algo nas instrucións será só unha recomendación.

Intervén novamente o Prof. Berrocal para sinalar que se trata dunha problemática xeral posto que a mentalidade é sancionadora ou cautelara. En concreto, cando un bolseiro pide dar clase isto non ten que xerar cautelas. Reitera ademais a súa postura sobre que o POD non pode ser unha folla de cálculo económico, senón que debe plasmar todo o que fai o profesor. Neste mesmo momento anuncia o seu voto negativo a este punto.

O Prof. Muñoz manifesta que nos centros de Ciencias estanse substituíndo sistematicamente profesores por bolseiros o que supón un problema grave; non podemos esquecer que o obxectivo da Universidade é formar estudantes e non promocionar persoas. Quen ten que soportar a carga docente é o profesor e non o bolseiro.

O Prof. Domínguez pon de manifesto o seu acordo co manifestado polo Prof. Muñoz e sinala ademais que os bolseiros son un apoio para o profesor e o que se pide é que se recoñeza a colaboración do mesmo no laboratorio, o que non figura en ningún caso. Trataríase dunha figura de apoio e non de substitución do profesor.

O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado resposta que se vai estudar a maneira de dar constancia a esa situación e dese xeito recoñecer esa colaboración.

O reitor intervén para sinalar que debe buscarse un punto de equilibrio porque os bolseiros no ámbito científico fan moita presión sobre a promoción. As cousas deben cambiar e os doutores deben encontrar saída fora da universidade pero conectados á mesma. O que non pode ser é que o número de contratos de investigación é cada vez maior e cada vez máis contratados queren entrar no POD.

Procédese á votación sobre as normas de POD:

Votos a favor: 26.

Votos en contra: 1

Abstencións: 6

Apróbase por maioría as normas de acordo co que consta no **anexo 4**.

Altérase a orde do día pasando aos **puntos 10 e 11** debido a necesidade de coller un avión pola vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea.

Punto 10.- Aprobación, se procede, das instrucións de avaliación e entrega de actas nos POPs do curso académico 2006-07.

Cédese a palabra á vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea quen expón que a necesidade deste cambio procede de que se trata de ensinanzas adaptadas ao espazo europeo de educación superior e o sistema de avaliación non se corresponde exactamente co sistema actual, ademais temos algúns POPs interuniversitarios o que fixo necesario chegar a un consenso coa Universidade de Santiago, estando pendentes neste momento do que se aprobe na Universidade da Coruña.

O Prof. Legido suscita o problema dos POPs intercentros sinalando que non ten sentido que as actas esten nun centro onde non están os alumnos, sendo mais axeitado que esten no centro onde se imparte o POP e non onde está adscrito o mesmo.

A vicerreitora resposta que a secretaría virtual é o medio habitual de exposición de notas, pero que pode excluírse do texto a referencia aos centros de adscrición do POP e deixar so unha referencia xeral aos centros.

O Prof. Mejuto como coordinador do POP que se imparte na Facultade de Ciencias de Ourense, preguntase é posible uniformizar o calendario co de primeiro e segundo ciclo existente no seu centro.

A vicerreitora resposta que se trata dun calendario recomendado e si o centro o considera oportuno non hai problema, posto que esto non colisiona co que se aproba hoxe.

Apróbase por asentimento a texto recollido no **anexo 5**.

Punto 11.- Aprobación, se procede, do Regulamento de Posgrao.

Cédese a palabra á vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea quen expón as liñas básicas da proposta de regulamento de posgrao que figura no **anexo 6**.

Seguidamente, ábrese un debate sobre o mesmo.

Intervén en primeiro lugar o Prof. Legido quen sinala que o gran problema que se deriva deste regulamento é a adscrición dos POPs aos centros, sobre todo porque isto tamén afecta ao doutoramento. Ademais os problemas xorden cos POPs interuniversitarios porque na Comisión Académica o secretario é secretario do centro e iso obriga a que sexa unha comisión da Universidade de Vigo, e si as tres Universidades prevén un regulamento similar non será posible unha comisión única, cos problemas que isto xera, sobre todo en materia de convalidacións. Por este motivo, considera que os POPs poderían estar adscritos aos centros ou outros órganos que se estimen máis oportunos, como poden ser os departamentos que son intercentros e así resolverse en moitos casos os problemas de ubicación de determinados POPs.

A vicerreitora sinala que no art. 4.1 hai unha vía de escape, aínda que excepcional, porque os centros son os que teñen capacidade administrativa para a xestión de matrícula, actas, expedientes... Os problemas non se arranxan mirando á universidade do lado posto que temos POPs con universidades doutras comunidades autónomas, polo tanto, non é posible pensar nunha comisión académica única.

No relativo ao doutoramento é unha realidade que os POPs con doutoramento tamén deben estar adscritos aos centros e terán unha comisión académica.

O Prof. Legido non comparte esa visión da vicerreitora porque a estrutura do doutoramento fai que moitos programas sexan impartidos por profesores de distintos centros e campus e o problema será que os alumnos terán que ir a un centro determinado.

A Prof^a Garrido expón que tendo en conta que a disposición transitoria segunda prevé a necesidade de que os POPs aprobados con anterioridade a este regulamento, se adapten ao mesmo no prazo dun ano, pregunta se haberá un calendario de adaptación.

A vicerreitora resposta que todas as modificacións deben pasar por Comisión de Posgrao, Consello de Goberno, Consello Social e Xunta de Galicia. Trátase de titulacións oficiais e dende a vicerreitoría se sacarán instrucións cando se aprobe o Decreto da Xunta para que o 30 de setembro se podan levar novas propostas de POPs e os cambios dos anteriores.

O Prof. Domínguez expón que sona raro falar de doutor europeo dentro do espazo europeo de educación superior. Ante o que a vicerreitora resposta que no RD 56/2005 fálase de doutoramento europeo sempre que se cumpran determinadas condicións.

O Prof. Mejuto felicita á vicerreitora por falar do centro responsable en lugar de Departamento ou Facultade porque non se coñece o futuro.

Intervén o reitor para sinalar que neste momento nos movemos nunha situación de incerteza, pero é necesaria a aprobación dun regulamento aínda que non se sabe que pasará co

doutoramento. A incerteza é tanta que é difícil pensar nun documento distinto ao presentado pola vicerreitora. Ademais debemos ser conscientes de que este regulamento terá unha vixencia non superior a dous anos.

O Prof. Vidal di que despois de escoitar ao reitor todo isto parece unha tolada en canto que as cousas poden cambiar en 15 días.

A vicerreitora expón que vai publicarse o Decreto de Posgrao e neste momento temos xa o borrador. O regulamento pode quedar obsoleto pronto pero é necesario. Ademais a normativa do Ministerio será bastante posterior.

Debátese sobre a situación de incerteza actual con intervención do reitor, a vicerreitora, e os profesores Vidal e Ortiz.

Seguidamente, procédese a votación sobre o Regulamento de Posgrao:

Votos a favor: 27.

Votos en contra: 0

Abstencións: 6.

Rematados os **puntos 10 e 11** da orde do día, continúaase co **punto 7** e seguintes:

Punto 7.- Aprobación, se procede, de comisións de servizos.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que se recibiu a solicitude da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para autorización da comisión de servizos a favor do Profesor Doutor Carlos Manuel Sixirei Paredes para desempeñar o cargo de Subdirector Xeral de Centros e Comunidades Galegas. O Doutor Sixirei é Profesor Titular de Universidade na Área de Historia de América no Departamento de Historia, Arte e Xeografía. O departamento emitiu informe favorable e conta coa aprobación da COAP.

O prof. Mejuto pregunta cómo afecta a concesión de esta comisión de servizos ao feito de que estivera aberta unha investigación sobre este profesor.

O reitor resposta que este tema está xa resolto pola asesoría xurídica e non ten repercusión algunha.

Apróbase por asentimento.

Punto 8.- Prazas para habilitación nacional.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que, unha vez aprobado o Real Decreto 188/2007 de 9 de Febreiro, que modifica o Real Decreto 774/2002 que regula o sistema de habilitación nacional, a saída a concurso de prazas dos corpos de funcionarios docentes pode realizarse de xeito mais áxil, xa que agora non está vencellada a resolución da convocatoria das probas de habilitación nacional.

O requisito agora consiste en comunicar a creación de ditas prazas á “Secretaría General del Consejo de Coordinación Universitaria”. Unha vez tida constancia da recepción da comunicación poderán convocarse os concursos, previo cumprimento dos pasos establecidos na normativa propia da Universidade de Vigo.

Solicítanse dúas prazas:

Unha de Catedrático de Universidade na área (590) de Máquinas e Motores Térmicos (Departamento T03 de Enxeñería Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos). O profesor José Fernández Seara acadou unha habilitación na última convocatoria.

Outra de Profesor Titular de Universidade na área (650) de Organización de Empresas (Departamento X09 de Organización de Empresas e Márketing). A motivación da solicitude é a habilitación dun profesor contratado doutor Xosé Enrique Vázquez Vicente.

Ambas propostas contan coa aprobación da COAP.

Apróbase por asentimento.

Punto 9.- Aprobación, se procede, do Regulamento sobre a realización dos requisitos formativos complementarios previos á homologación de títulos estranxeiros.

Cédese a palabra á Secretaria Xeral quen sinala que a necesidade deste regulamento deriva da aprobación da orde ECI/1519/2006, de 11 de maio, onde se regulan os criterios xerais para a determinación e realización dos requisitos formativos complementarios previos á homologación de títulos estranxeiros de educación superior, e seguidamente expón o contido básico do regulamento tal como se recolle no **anexo 7**.

O Prof. Mejuto pregunta si este regulamento se refire ao procedemento de homologación para aqueles que queiran exercer a profesión, como é actualmente, ou tamén para os que queren facer o doutoramento. Ao que resposta a Secretaria xeral que non hai ningún cambio neste sentido e segue sendo como ata o de agora.

A Prof. Cruces pregunta como é o procedemento para pedir a homologación e destaca o chocante que resulta a situación fronte ao espazo europeo de educación superior.

A Secretaria Xeral sinala que o interesado debe presentar unha petición dirixida ao Ministerio que será quen determine cales son os déficits de coñecemento que ten o mesmo para homologar o seu título e de que xeito debe complementalos.

O Prof. Liz Marzán expón as grandes dificultades que existen para a homologación dos investigadores neste momento e considera que a Universidade debería manifestar unha queixa nese sentido.

O Prof. González Piñeiro pregunta se esta normativa é de carácter xeral aplicable a todos, o que resposta afirmativamente a Secretaria Xeral.

Apróbanse por asentimento.

Punto 12.- Aprobación, se procede, dos Regulamentos de réxime interno dos Departamentos de Enxeñaría Telemática e de Economía Financeira e Contabilidade, e da E.T.S. de Enxeñaría de Minas.

Cédese a palabra á Secretaria Xeral quen sinala que todos eles cumpren todos os requisitos legais, contan co informe favorable da Asesoría Xurídica e foron revisados polo servizo de normalización lingüística.

Apróbanse por asentimento.

Punto 13.- Aprobación, se procede, dos criterios de produción científica.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Investigación quen en primeiro termo agradece á comisión de investigación o seu traballo. Seguidamente fai unha diagnose da situación da investigación na Universidade de Vigo, iniciando a súa intervención expoñendo o que se entende por unha universidade boa e toma como exemplo os criterios utilizados para facer as clasificacións das mellores universidades feitas polo Instituto de Educación Superior de Shanghai Jiao Tong University (China), polo Suplemento Times de Educación Superior, U.K., pola International Champions League of Research Institutions Centro de Estudios de Ciencia y Tecnología, CEST, Suiza, e por Asia Week.

Seguidamente, sinala o vicerreitor que os criterios básicos de clasificación son: número de publicacións no ISI e o impacto das publicacións en cada disciplina; sendo os criterios secundarios: orzamentos de biblioteca e de investigación. Por outra banda, tamén se refire aos criterios en estudio: número h; financiamento público e privado da I+D; patentes en tres categorías e transferencia: spin-offs.

Á vista destes criterios, expón a situación da Universidade de Vigo que pode dicirse que vai mellorando ano tras ano. Os obxectivos xerais perseguidos en materia de investigación son: en número de artigos, colocarnos entre as 12 mellores universidades españolas no 2010; e en impacto, colocarnos entre as 20 mellores universidades españolas no 2010, superando o impacto medio español. Despois de concretar os obxectivos por ámbitos e por campus, expón as accións propostas que con carácter xeral se poden resumir do seguinte xeito: para mellorar o número de artigo, débense ampliar os cartos en produción científica; nos contratos programa é necesaria a mellora para a continuación de cada novo contrato. Para mellorar o impacto se precisa un cambio nos criterios de produción científica facendo subcategorías nas revistas tipo A; nos contratos-programa cos grupos de excelencia débese valorar o impacto medio.

Outras propostas de interese: avaliación institucional: se intentará que o VII PM permita facer avaliación externa; necesidade de definir as liñas prioritarias (exemplos: telecomunicacións; enerxía; ciencias mariñas, tradución e interpretación); incrementar a internacionalización dos nosos grupos; axudas a proxectos europeos, desgravacións por proxectos internacionais; converter o CACTI nun centro de apoio de referencia internacional: certificando / acreditando servizos; ligándoo aos centros de excelencia (nanotecnoloxía de Braga, Cidade do Mar de Vigo); incrementando as relacións cos Centros Tecnolóxicos (ANFACO/CECOPECA, AIMEN, CTAG, CETMAR).

Remata o vicerreitor coas seguintes conclusión xerais (que tamén concretou por ámbitos):

- 1.- É preciso xerar entusiasmo polas tarefas investigadoras, activando maior porcentaxe de investigadores.
- 2.- Necesidade de que os grupos con máis nivel publiquen máis e mellor.
- 3.- Temos que coidar a incorporación de novos investigadores que sexan ademais a canteira do novo profesorado, implicando unha nova cultura investigadora.

Seguidamente ábrese unha quenda de intervencións:

Intervén en primeiro lugar o Prof. Barcia quen insiste en que as áreas dedicadas á produción artística encóntranse en inferioridade de condicións fronte ás restantes áreas, porque aínda que se incluíron algunhas cuestións outras aínda non se reflicten e pon como exemplo ilustrativo o feito de que ser comisario da bienal de Venecia, como ocorre con un profesor desta Universidade, non se valora. Se propón que se cambie un punto no texto onde di exposicións individuais antolóxicas debería dicir algo así como exposicións e outros eventos de presentación pública.

O Prof. Legido felicita ao vicerreitor pola súa exposición pero pon a obxección de que falta poñer o diñeiro que se reparte.

O Prof. Mejuto pregunta se é necesario aportar orixinal ou copia dos méritos alegados. Debería entenderse que todo o que é de valoración automática debería bastar cunha declaración xurada do director do departamento ou investigador.

Ademais, en relación aos profesores de humanidades, expón o tema da propiedade intelectual das obras artísticas e en concreto con que achega se queda a Universidade, como ocorre coas patentes.

O Prof. Muñoz sinala que lle gustou moito a exposición do vicerreitor e destaca a necesidade de aumentar o impacto e a implicación de profesores e isto precisa de apoio institucional. A investigación vai vinculada á promoción persoal, pero é necesario que todo o mundo se responsabilice e participe. Non se ve o esforzo para que a xente deixe de pensar na investigación como algo individual e non colectivo.

O Prof. Barcia, en relación á intervención do Prof. Mejuto sinala que non toda exposición é para venta pero de todos os xeitos é un tema que deberá ser regulado, tendo en conta que un cadro ou unha escultura é produción científica.

Intervén o reitor para sinalar que atopar unha solución equilibrada é difícil porque detrás da produción científica pode haber pagos. Pero aquí do que se trata é de transmitir un bo incentivo aos investigadores. Manifesta o seu desacordo co Prof. Muñoz porque a supervivencia individual, sen grupo non é fácil. Hai tendencia clara a fomentar condutas de agrupamento pero hai problemas internos si pensamos en concesión de sexenios a nivel nacional. É necesario modular a aplicación das normas ao ámbito de que se trate, porque se corre o risco de que un mecanismo de incentivo se converta en desincentivo para determinados ámbitos. Se hai algún ámbito que se

quede o marxe, entón desde aquí nos estamos equivocando, porque todo o mundo debe considerarse que está dentro.

O Prof. Barcia entende que ese é precisamente o problema, que hai xente que se sente excluída.

Seguidamente éntrase nun debate sobre o tema.

O vicerreitor de Investigación agradece en primeiro termo ás verbas do Prof. Legido e coincide co mesmo en que debe facerse un maior esforzo económico na produción científica.

En relación coa proposta do Prof. Mejuto de non exixir a presentación de orixinais ou copias para a valoración da produción científica e substituílo por unha declaración xurada, parécelle unha proposta adecuada.

Reposta ao Prof. Muñoz que é necesario que a xente pense que o seu traballo é parte dun todo pero eso é difícil de incentivar.

Finalmente, á vista das distintas intervencións, propón os seguintes cambios no texto da produción científica: exixir unicamente unha declaración xurada dos méritos alegados; exposición ou comisionado de exposicións.

Apróbanse por asentimento os criterios de produción científica que constan no **anexo 8**.

Punto 14.- Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas para investigación.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Investigación quen expón o contido básico da convocatoria de acordo co texto contido no **anexo 9**, destacando que se trata dunha convocatoria continuista.

Intervén o Prof. Legido quen sinala que é preciso facer un esforzo maior cara o futuro posto que se agrupan todas as peticións.

O vicerreitor aclara que se poder pedir unha de cada modalidade. Será a comisión a que decidirá en cada caso se o mesmo grupo fai a súa petición en varias convocatorias.

O Prof. Legido continúa sinalando que haberá que ver o tamaño do grupo e debería haber normas que impidan a enxeñaría de grupos, pois deben ser grandes e coherentes. Se a división da lugar a mellor concurrencia ás convocatorias, haberá que controlalo. Fronte á filosofía que está detrás desta convocatoria expón as súas dúbidas sobre os criterios e entende que debe diferenciarse entre incentivos baseados na investigación e os contratos, deixando a porta aberta para que se poidan firmar os mesmos. Cando un grupo acada financiación externa perde a de Vigo e iso non é xusto. Por outra banda, ten a dúbida de que xurídicamente sexa posible posto que os contratos-programa son de 3 anos e isto non figuraba na convocatoria. Cousa distinta é que se exclúa ao grupo porque non cumpra os requisitos da convocatoria.

Intervén o reitor expoñendo que antes os contratos non existían e agora o que se fai é unha adaptación á nova situación.

Debátese sobre o tema e a posible revisión da convocatoria coa intervención dos profesores. Berrocal e Legido, o vicerreitor de Investigación e o reitor.

Finalmente, apróbase por asentimento.+

Punto 15.- Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Xeral de colaboración coa Universidade Federal de Uberlandia (Brasil) – Específico de colaboración coa Universidade de Zaragoza, para a distribución da primeira anualidade dos fondos do proxecto nanobiomed – de colaboración coa Consellería de educación e ordenación universitaria e as universidades Galegas para a promoción da valoración de resultados de investigación e capacidades científicas no SUG – de colaboración entre as universidades galegas e a S.A.X. CESGA para o desenvolvemento do software libre en Galicia –Marco de colaboración coa Universidade de Matanzas.

Cédese a palabra a Secretaria Xeral quen sinala que todos os convenios cumpren a legalidade vixente e contan cos informes favorables dos servizos aos que afectan.

Apróbanse por asentimento.

Punto 16.- Constitución da Comisión de Biblioteca.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Investigación que procede á lectura da proposta dos membros da comisión que constan no **anexo 10**.

O Prof. Berrocal pregunta se xa existía. Ao que o vicerreitor resposta que si.

Apróbase por asentimento.

Punto 17.- Elección para cubrir unha praza vacante polo sector de Estudantes na Comisión de Investigación (delegada do Consello de Goberno).

Cédese a palabra á Secretaria Xeral quen sinala que non hai ningún candidato presentado, de tal xeito que queda vacante a praza.

Punto 18.- Rogos e preguntas.

O Prof. Vidal pregunta ao reitor sobre a situación das Cátedras I+D, ao que resposta o reitor que polo momento non hai ningunha novidade.

O Sr. Fariñas expón que xa no Consello de Goberno de 8 de novembro de 2006, el mesmo suscitou o tema dos horarios de biblioteca do campus de Ourense e o agravio comparativo que supuña a comparación destes cos vixentes na Biblioteca de Torrecedeira en Vigo. Tamén fai referencia á necesidade de que o gabinete de psicólogos da Universidade de Vigo dea servizo aos membros da comunidade universitaria do campus de Ourense e non teñan estes que trasladarse a Vigo para recibir asesoramento psicolóxico.

O reitor resposta, en relación a esta última cuestión, que se trasladará a petición á vicerreitora de Extensión Cultural e Estudantes. No relativo aos horarios de Biblioteca, comenta o reitor que por parte do Director da Área de Estudantes estase buscando unha solución definitiva e estable.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:25 horas do día 14 de marzo de 2007 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e prace do reitor.

O Reitor

A Secretaria Xeral

Alberto Gago Rodríguez

Esther M^a González Pillado